

Visto o expediente 104/2026, a instrutora do procedemento formula a seguinte proposta de resolución para a súa aprobación, se procede, pola Comisión da Transparencia.

Asunto: Reclamación en materia de acceso á información pública

Expediente: 104/2026

Interesado: - - - - -

Organismo: Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia

ANTECEDENTES

Primeiro. O 12.3.2026 - - - - - interpuxo ante a Comisión da Transparencia de Galicia unha reclamación por mor da falta de contestación á súa solicitude de acceso presentada o 15.12.2025 ante a Axencia para a Calidade Alimentaria de Galicia e dirixida ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, no que solicitaba acceso aos expedientes de adquisición e reforma do inmovible destinado a sede do Consello Regulador.

Segundo. O 18.3.2026 a Comisión da Transparencia solicitou da Axencia para a Calidade Alimentaria de Galicia a remisión do expediente así como a emisión dun informe sobre a reclamación presentada.

Terceiro. A Dirección da Axencia para a Calidade Alimentaria de Galicia emitiu o 13.4.2026 o informe requirido.

Xunto co informe, a Axencia remitiu á Comisión da Transparencia unha copia da solicitude do interesado, constancia da remisión da solicitude do 15.12.2025 ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia con data do 30.12.2025, así como un informe, remitido ao señor - - - - - mediante correo electrónico o 9.4.2026 dende o Consello Regulador, no que se recolle a relación dos acordos plenarios relativos á adquisición e obras de reforma no inmovible en cuestión.

Cuarto. O 14.4.2026 - - - - - formulou alegacións ante esta Comisión nas que sinala o seguinte:

“O documento remitido non constitúe o expediente administrativo solicitado nin permite acceder á documentación que integra o procedemento, senón que se limita a ofrecer unha descripción posterior dos feitos.

En consecuencia, non se facilita a información en termos efectivos.

(...)

Do propio contido do informe despréndese a existencia de documentación previa e necesaria para a adopción das decisións descritas (propostas, ofertas, verificacións técnicas, procesos de selección), que necesariamente forma parte de un expediente administrativo que non foi achegada”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (en diante, LTAIP), de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e con carácter previo á súa impugnación en vía contencioso-administrativa.

A disposición adicional cuarta da LTAIP establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas entidades locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

Pola súa banda, o artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (en diante, LTBG), establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante a Comisión de Transparencia, correspondendo a este órgano a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 33 da mesma lei.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 23.3 da citada LTBG establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da LTAIP.

Neste punto é importante considerar que o artigo 24.1 da LTAIP establece que as reclamacións en materia de acceso á información pública terán a consideración de substitutivas dos recursos administrativos, para os efectos do disposto no vixente artigo 112.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC). Segundo este artigo 112.2 da LPAC:

“As leis poderán substituír o recurso de alzada, en supostos ou ámbitos sectoriais determinados, e cando a especificidade da materia así o xustifique, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación, mediación e arbitraje, ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas, con respecto aos principios, garantías e prazos que a presente Lei recoñece ás persoas e aos interesados en todo procedemento administrativo”.

A configuración legal das reclamacións en materia de acceso á información pública coma un recurso substitutivo do recurso de alzada, de carácter potestativo, así coma o teor do artigo 112.2 *in fine* da LPAC, determinan xa a aplicación das previsións da LPAC en materia de recursos administrativos ao procedemento destas reclamacións. Así se establece, de feito, no artigo 24.3 da LTAIP, segundo o cal *“A tramitación da reclamación axustarase ao disposto en materia de recursos na Lei 30/1992, de 26 de*

novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común”¹.

Terceiro. Prazo para a interposición da reclamación

O artigo 24.2 da LTAIP prevé como “*A reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel en que se produzan os efectos do silencio administrativo*”, debendo considerarse neste punto que, de acordo co artigo 24.4 da mesma lei, para o caso de falta de resolución das solicitudes en prazo, estas entenderanse desestimadas.

Pois ben, as previsións do artigo 24.2 da LTAIP entenderanse moduladas, no que atinxe ao prazo para a interposición das reclamacións nos supostos de desestimación presunta da solicitude, polo previsto no artigo 122.1 da LPAC que, ao regular o prazo para a interposición do recurso de alzada, establece que “*Se o acto non fora expreso o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de alzada en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produzan os efectos do silencio administrativo*”. Respecto á inexistencia dun prazo preclusivo para reclamar contra as desestimacións presuntas en materia de acceso, tamén se pronunciou o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno* no Criterio interpretativo 1/2016, do 17 de febreiro.

Pois ben, segundo resulta da documentación que consta no expediente, a persoa interesada presentou o 15.12.2025 ante a Axencia Galega de Calidade Alimentaria unha solicitude de acceso, dirixida ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, sendo remitida a esta corporación de dereito público o 30.12.2025.

¹ A referencia á Lei 39/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, hoxe derrogada, debe entenderse realizada á LPAC.

Como consta no expediente remitido, o Consello Regulador deu contestación á solicitude de acceso o 9.4.2026, transcorrido con creces o prazo dun mes previsto no artigo 20.1 da LTAIP. En todo caso, contra o sostido polo reclamante, á data da interposición da reclamación ante esta Comisión o 12.4.2026, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia xa dera contestación á súa solicitude de acceso.

Sentado o anterior, é obrigado lembrar ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia que a observancia do prazo máximo de contestación ás solicitudes de información é un elemento esencial do dereito constitucional de acceso á información pública, tal e como se indica na exposición de motivos da LTAIP, ao manifestar que *«co obxecto de facilitar o exercicio do dereito de acceso á información pública a Lei establece un procedemento áxil, cun breve prazo de resposta»*.

Por outra banda, cómpre sinalar que o 14.4.2026 o interesado formulou alegacións ante esta Comisión, nas que manifestou a súa oposición á información facilitada o 9.4.2026 pois, entende, non responde ao por el solicitado; en concreto, o señor - - - - - considera que se lle debeu conceder o acceso aos expedientes administrativos para a adquisición e reforma do inmovible destinado a sede do Consello Regulador.

Aínda que, en puridade, a oposición á resolución expresa do 9.4.2026 debería formularse polo interesado coa presentación dunha nova reclamación ante esta Comisión, razóns de eficacia e economía procedemental aconsellan o exame neste procedemento do acomodo a Dereito da contestación e acceso concedido ao reclamante, especialmente se temos en conta que o expediente ofrece todos os elementos de xuízo precisos para a resolución do asunto.

Cuarto. O dereito de acceso á información pública

A Constitución española establece no seu artigo 105 b) que a lei regulará o acceso da cidadanía aos arquivos e rexistros administrativos, salvo no que afecte á seguridade e defensa do Estado, á pescuda dos delitos e á intimidade das persoas.

A este respecto a Sentenza do Tribunal Constitucional 164/2021, do 4 de outubro, indicou como este precepto non recolle unicamente un principio reitor da actuación das Administracións públicas, senón un auténtico dereito público subxectivo exercitable fronte a aquelas. Sinalou así a precitada sentenza:

«El art. 105 b) CE, encuadrado en el título IV, "Del Gobierno y de la Administración", incorpora un principio objetivo rector de la actuación de las administraciones públicas (art. 103.1 CE), derivado de exigencias de democracia y transparencia, así como un derecho subjetivo de las personas, ejercitable frente a las administraciones, con sujetos, objeto y límites definidos en el propio precepto constitucional, que fue desarrollado inicialmente en los arts. 35 h) y 37 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de régimen jurídico de las administraciones públicas y del procedimiento administrativo común, y actualmente en la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno.

(...)

A la vista de lo expuesto, debe señalarse que el acceso a la información integra el contenido de un derecho público subjetivo ejercitable frente a la administración que, no siendo absoluto, solo puede ser limitado por motivos predeterminados en la ley, en virtud de una previa ponderación de los intereses en juego. De este modo, la posibilidad de limitar el acceso a la información no constituye una potestad discrecional de la administración».

No mesmo sentido pronunciouse o Tribunal Supremo nas Sentenzas do 7.2.2023, rec. 8005/2021, e do 21.4.2023, rec. 350/2022, salientando tamén este Tribunal nas Sentenzas do 29.5.2024, rec. 1262/2023, e do 11.9.2025, rec. 7878/2024, a estreita relación do dereito de acceso á información pública coa transparencia na actuación administrativa e o principio de boa administración recollido no artigo 41 da Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea.

Tratándose, xa que logo, dun auténtico dereito subxectivo da cidadanía fronte ás Administracións públicas, o artigo 13 d) da LPAC recolleu, coma un dereito das persoas nas súas relacións con elas, *“o dereito de acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de*

transparencia, acceso á información pública e bo goberno e o resto do ordenamento xurídico”.

Como sinala a exposición de motivos da LTAIP, o acceso á información pública debe ser un dos eixos fundamentais da acción política pois *“só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións poderemos falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos”.*

Neste sentido o dereito de acceso á información pública vén atribuído a todas as persoas (artigos 12 da LTAIP e 24.1 da LTBG), sen que estas teñan a obriga de motivar a súa solicitude de acceso á información (artigos 17.3 e 26.4 da LTBG).

E, respecto do que ha de entenderse por *“información pública”* o artigo 24.1 da LTBG, seguindo o disposto no artigo 13 da LTAIP, a define coma os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato o soporte, que obren en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da presente lei e que foran elaborados ou adquiridos no exercicio das súas funcións, engadindo que tamén considerárase información pública, a producida polas entidades que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, nos termos contemplados no artigo 4 da lei.

Deste xeito, a normativa de transparencia delimita o ámbito material do dereito a partir dun concepto amplo de información, que abrangue tanto documentos coma contidos específicos e se estende a todo tipo *“formato ou soporte”*. Ao mesmo tempo, acouta o seu alcance, esixindo a concorrencia de dous requisitos que determinan a natureza *“pública”* da información, cales son: a) que se atopen *“en poder”* dalgún dos suxeitos obrigados, e b) que fosen elaboradas ou obtidas *“no exercicio das súas funcións”*.

Para rematar, os suxeitos obrigados son os relacionados nos artigos 2 da LTAIP e 3.1 da LTAIP, debendo salientarse, así mesmo, a obriga que o artigo 4 dunha e doutra lei impoñen ás persoas físicas e xurídicas que presten servizos públicos ou exerzan potestades administrativas, de subministrar información aos suxeitos obrigados ás que estean vinculadas co fin de permitirlles o cumprimento das súas obrigas en materia de transparencia.

Quinto. Análise do expediente

No expediente que agora nos ocupa o señor - - - - - solicitou do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (en diante, CRAEGA) o acceso aos expedientes para a adquisición e reforma do inmovible destinado á súa sede. O propio interesado solicitou que a información se lle remitise a un correo electrónico que indicaba na súa solicitude do 15.12.2025.

Pola súa banda, o CRAEGA deu contestación á solicitude do interesado coa remisión o 9.4.2026, por correo electrónico, dun informe no que se relacionan as datas das distintas sesións do Pleno do CREAGA nas que se tratou a adquisición e reforma do inmovible así coma os acordos aprobados ao respecto.

Trala contestación recibida á súa solicitude de acceso, e como xa se reflectiu nos antecedentes desta resolución, o señor - - - - - manifestou a súa oposición á contestación recibida por canto *“non atende ao solicitado, ao non facilitar o acceso ao expediente administrativo requirido, senón unicamente un documento descritivo que non permite a verificación do procedemento seguido”*.

Pois ben, na análise da reclamación presentada polo interesado ha de partirse da natureza xurídica do CREAGA en canto consello regulador. Neste punto é preciso considerar que a Lei 1/2024, do 11 de xaneiro, de calidade alimentaria de Galicia, seguindo a liña da xa derogada Lei 2/2005, do 18 de febreiro, configura no seu artigo 47.1 aos consellos reguladores como corporacións de dereito público, con autonomía

financeira e plena capacidade de obrar. Ademais, aclara o precitado artigo, os consellos reguladores *“axustarán o seu funcionamento ao dereito privado, agás cando ostenten potestades públicas, situación na que se rexerán polo dereito administrativo”*.

Nesta mesma liña o artigo 1.2 da Orde da Consellería do Medio Rural do 3 de abril de 2009, pola que se aproba o regulamento de funcionamento do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, tamén prevé como *“O funcionamento do Craega está suxeito ao réxime de dereito privado con carácter xeral, salvo as actuacións que supoñan o exercicio de potestades públicas, nas cales se someterá ás normas de dereito administrativo”*.

Deste xeito, fóra dos supostos nos que o CRAEGA exercite potestades públicas (por exemplo, cando actúe como autoridade de control ecolóxico, de acordo co previsto no artigo 47.4 da Lei 1/2024, do 11 de xaneiro), nos que a súa actividade estará suxeita ao dereito administrativo, a actuación do Consello Regulador ha de someterse ao dereito privado (civil, mercantil ou laboral).

Este réxime de dereito privado é, ademais, o aplicable ás contratacións do CRAEGA ás que alude o reclamante xa que, cando a corporación adquiere un inmovible ou contrata a súa reforma, en ningún caso está exercitando potestades administrativas.

A maior abastanza ha de considerarse que a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, unicamente somete ás corporacións de dereito público ás súas previsións cando estas cumpran cos requisitos para ser poder adxudicador de conformidade co artigo 3.3.d) da lei², o que, á vista da configuración do CRAEGA, non semella ser o caso.

Neste estado de cousas, cómpre xa considerar o disposto nos artigos 2.1 e) da LTAIP e 3.1 c) da LTBG, segundo os cales as previsións contidas nunha e noutra lei só lles serán aplicables ás corporacións de dereito público no relativo ás súas actividades suxeitas a dereito administrativo.

Polo tanto, ao non estar suxeita nin a adquisición do inmovible nin a contratación das obras para a súa reforma ao dereito administrativo, por canto unha e outra actuación responden á xestión dos intereses privados da corporación, a normativa reguladora do dereito de acceso á información pública recollida na LTAIP e LTBG non lle resulta aplicable ao CRAEGA no que se refire a estas actuacións.

Á vista do que vén de sinalarse, e considerando o intre no que se atopa o procedemento, procede, xa que logo, a desestimación da reclamación presentada polo señor - - - - - e isto porque, como xa se indicou, as corporacións de dereito público só están suxeitas á regulación do dereito de acceso contida na LTAIP e LTBG

² Segundo o artigo 3.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

“3. Consideraranse poderes adxudicadores, para os efectos desta lei, as seguintes entidades:

(...)

d) Todas as demais entidades con personalidade xurídica propia distintas das expresadas nas letras anteriores que fosen creadas especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral que non teñan carácter industrial ou mercantil, sempre que un ou varios suxeitos que deban considerarse poder adxudicador de acordo cos criterios do número 3, ben financien maioritariamente a súa actividade; ben controlen a súa xestión; ben nomeen a máis da metade os membros do seu órgano de administración, dirección ou vixilancia”.



no que se refire ás súas actividades suxeitas ao dereito administrativo, o que non é o caso das actuacións respecto das cales solicitou información ao CRAEGA o interesado.

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia, por unanimidade dos seus membros,

ACORDA

Único. Desestimar a reclamación presentada o 12.3.2026 por - - - - - , ao non corresponder a información que solicitou o 15.12.2025 ao Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia, coas actividades da corporación de dereito público suxeitas a dereito administrativo.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación desta resolución, ante a Sala do Contencioso – Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

- - - - - , na data da sinatura.

- - - - -

Presidente da Comisión da Transparencia.